

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 19 DE XANEIRO DE 2024

PRESIDENTA: D^a. MARIA ISABEL COUSELO TORRES

PRESID. SUPLENTE: D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

VOGAIS:

D^a. MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ

D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA

D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ

D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, en substitución de D. Carlos López Font

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, en substitución de Carlos Gómez Prado

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO

D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día 19 de xaneiro de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión María Isabel Couselo Torres e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, o secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-Aprobación da acta da sesión anterior (22 de decembro de 2023).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión de 22 de decembro de 2023.

2.-Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Forcarei do treito inicial e dun ramal da EP 7203 Soutelo – Covas e de dous treitos antigos da EP 7001 A Estrada – Forcarei. (Expediente 2022033875).

A Comisión ditamina favorablemente, por unanimidade, a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Forcarei do treito inicial e dun ramal da EP 7203 Soutelo – Covas e de dous treitos antigos da EP 7001 A Estrada – Forcarei.

3.-Rogos e preguntas.

Non se formulan.



A presidenta da informa da presentación no rexistro xeral da Deputación dunha moción, con número de Rexistro WEB2024002242 , asinada pola deputada do Grupo Provincial do Partido Socialista, Ana Laura Iglesias González, na que solicita a *“licitación inmediata por parte da Deputación da primeira fase das obras da estrada EP 2702 Amoedo - Os Valos e a continuidade da reforma integral durante o actual mandato coas dúas fases restantes”*. Ao ser rexistrada con posterioridade á convocatoria, procédese a votar a urxencia de incluír o asunto na orde do día da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade do 19 de xaneiro de 2024 para debater o asunto fóra da orde do día.

Realizada votación prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 6 do Grupo Provincial do Partido Socialista e 2 do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego.

Votos en contra: 9 do Grupo Provincial do Partido Popular.

A Comisión acorda, por maioría absoluta, non aceptar a urxencia de incluír e debater na orde do día a moción presentada.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

